

Datos sobre el
Anteproyecto de Estatuto
Notas completas.

Meu querido Isaac: Eu non tiveu in-
tervención directa na elaboración nin na
propaganda ~~popular~~ ^(estaba fora de Galicia), nas campañas do noso
Estatuto republicano. Pero si ^a tiveu ~~na~~ que
puidera chamarse a súa proto-historia.
Cando chegou o 14 de abril, en Galicia
o entusiasmo polo cambio da monarquía
por unha república irmanábase ~~coa~~ ^{coa}
esperanza, ~~coa~~ ^{coa} seguridade de que a nosa
Terra ía ter, por fin, un goberno de seu,
que permitise e fomentase o desenvolvo
das súas posibilidades culturais, políticas
e económicas. O xerto de Mañá en Cata-
uña anunciaba a posibilidade dun fe-
xime de liberdade para as distintas na-
cionalidades do Estado. Recordo unha grande
manifestación ^{con signo} en Santiago que rema-

(2)

fara unha concentración na praza do Obradoiro e que ~~seguir~~ ^{culminou} unha arenga de Alonso Ríos sobre un balcón do Paseo de Raxoi no que el fixera ^{a finais} a pregunta de se os galegos querían autogoberno e que fora contestada cun si clamoroso.

O Seminario de Estudos Galegos, cuxa labora científica non era aseptica pois respondía ao afondo á arela de facer avanzar e escudriñar a realidade da nosa Terra, a presente e a pasada, non podía quedar á marxe deste movemento. Por esa razón a Sección de ciencias sociais, xurídicas e económicas, que eu dirixía, pensou que conviña, que era obrigado, colaborar dalgun xeito co aquel movemento de reivindicación e loita polo autogoberno de Galicia e coidou que a mellor maneira de facelo, dentro do seu eido,

era preparar un anteproyecto de estatuto de autonomía que púdesse ser logo utilizado coma modelo ou aportación á futura uterión do pacto político.

En realidade, o Seminario xa vinera pensando de atrás no que podía vir a ese respecto, ~~estas~~ ^{dadas} as circunstancias da política española e do que era de prever que vinérese ao caer a dictadura de Primo e sucesores. Por esa razón, xa en 1928, Asdrubal Ferreiro Cid fixera pra o Seminario un estudio encol dos aspectos físicos dunha eventual autonomía de Galicia. Agora o Seminario creou un grupo de traballo para a redacción dun anteproyecto de Estatuto coma aportación

ao labor político e xurídica que ía vir. O grupo de traballo estaba formado por Alexandre Bóveda, Carballo Calero, Paz Andrade, Risco e máis eu. Cada un de nós había presentar un escrito ou informe cos seus puntos de vista, concretos, e facelo axiña pois o tempo apretaba. Por esa razón todos menos Risco mandaron de contado os seus informes.

Na biblioteca da Facultade de Dereito Carballo e máis eu, despois de estudiar os informes recibidos e ~~os~~ ao tempo que examinábamos ~~os~~ os textos constitucionais ou estatutarios que se promulgaran ao remate

da Grande Guerra, que ^{nos} puideron servir de orientación sobre o xeito dos novos tempos. Non puidemos ter en conta o que Risco nos mandara con moito retraso e que mais ben era unha disertación que un esquema, que era o que nós precisábamos. Isto valeunos unha queixa de don Vicente.

O conto é que o anteproyecto do Seminario publicouse o 6 de maio, cando aínda non pasara un mes da proclamación da República. No seu artigo 1.º dixe que "Galicia é un estado libre dentro da República Federal Española". Porque estábamos seguros de que o Estado español ía constituírse sobre unha ^{base} federal.

Pero ademais do texto articulado, hevos
~~se~~ publicar pouco despois unha expli-
 ción do método que se seguira para a
 súa redacción e ademais o Seminario
 preparará varios estudos de tipo fa-
 cendístico que complementaban o
 texto articulado e que tiñan rela-
 ción co que se publicara anos atrás
 co estudo de Ferreiro Cid.

Non foi este, desde logo, o único
 traballo que se fixo ^{por outros} como prepa-
 ción para o futuro Estatuto de Galicia
 que había ser sometido a plebiscito e
 aprobado polo noso pobo. A guerra
 civil ven trouzar o proceso, inda

que na reunión que as Cortes se celebrara en Cataluña durante a guerra, chegou a se aprobar por elas. Pero a súa aplicación quedou en suspenso ata o remate da guerra e ao se esta perder nunca chegará a ter vixencia. Pero Galicia e todos os sectores da nova Terra tiñan demostrado a seu desexo que se gobernar por si mesmos, Ter as súas mans a xestión das súas cousas, pois son eles quen mellor as poden levar, conforme ao principio, hoxe admitido e proclamado, da Subsidiariedade; que as cousas que unha colectividade pode xestionar, sexa ela quen as xestione e

que somente as que transcendam do seu
âmbito ou possibilidades, seja xelionada-
das por entidades mais amplas.
